

tas administracións para esta finalidade, sempre e cando non se supere o valor do animal sacrificado.

Artigo 9º.-Reintegro.

O incumprimento polo beneficiario de calquera das condicións establecidas nesta orde dará lugar á perda do dereito e á devolución, se é o caso, das cantidades indebidamente percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houber lugar (artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

Disposición adicional

Nos aspectos non contidos nesta orde, observarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industria e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 25 de novembro de 2008 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria de bolsas para investigación e formación en materia de patrimonio de arte contemporánea galega.

O Decreto 314/1986, do 16 de outubro, regula o sistema público de museos da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia establece a rede de museos galegos, en que esta integrado o Centro Galego de Arte Contemporánea creado polo Decreto 308/1989, do 28 de decembro.

O Decreto 326/1996, do 26 de xullo, de regulamento do CGAC estipula no seu artigo 2º como un dos seus obxectivos e fins, entre outros, contribuír á formación e perfeccionamento do persoal especializado en arte contemporánea, museoloxía e museografía, tanto para atender as propias necesidades como para satisfacer as demandas doutros sectores, e desenvolver programas de investigación no seu ámbito de actuación.

Por outra banda, a Consellería de Cultura e Deporte, en aplicación das súas competencias en materia de museos e patrimonio moble, das facultades de regulamento, protección e difusión dos museos e do patrimonio moble de Galicia, así como as de fomentar a investigación do persoal técnico dos museos,

colabora na medida das súas posibilidades orzamentarias, para o mellor cumprimento por estes das funcións que lles son propias.

E polo que se fai preciso establecer as bases e proceder a unha convocatoria de bolsas dirixidas a completar a investigación e formación de materias en arte contemporánea nas áreas de publicacións, historia da arte, prensa e comunicación pública, novas formas de educación artística, documentación e restauración.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e dotación económica.

a) Convócanse por esta orde oito (8) bolsas para a investigación e formación en materia de arte contemporánea nas áreas de publicacións (2), historia da arte (2), prensa e comunicación pública (1), novas formas de educación artística (1), documentación e rexistro (1) e restauración (1).

b) As bolsas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria: 1202432B4800 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2009. En todo caso o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. O importe de cada bolsa non excederá de cantidade de 6.000 €.

c) Os bolseiros realizarán a súa actividade no Centro Galego de Arte Contemporánea e serán dirixidos polos coordinadores ou titores do proxecto.

d) As bolseiros e as bolseiras comezarán a súa actividade no exercicio 2009 a partir da data que estableza a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte. A concesión da bolsa será ata o día 31 de decembro de 2009.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Requisitos dos solicitantes.

-Titulados universitarios con formación académica nalgunha das materias que se relacionan a continuación:

1.1. Solicitantes de bolsas de investigación para colaborar no programa 2009 de publicacións do CGAC.

-Ser licenciado universitario en: filoloxía, ciencias da comunicación ou historia da arte.

-Ter formación específica no eido da edición.

-Ter coñecementos en corrección de textos e revisión de probas de imprenta.

-Posuír coñecementos de informática.

-Posuír coñecementos de idiomas.

1.2. Solicitantes de bolsas de investigación para colaborar no programa 2009 documentación da colección do CGAC.

-Ser licenciado universitarios en: belas artes, documentación ou historia da arte.

-Posuír coñecementos en xestión de sistemas de bibliotecas o centros de documentación.

-Posuír coñecementos de informática.

-Posuír coñecementos relacionados co ámbito audiovisual.

1.3. Solicitantes de bolsas de investigación sobre historia da arte para colaborar no programa 2009 de exposicións do CGAC.

-Ser licenciados universitarios en: belas artes, documentación, comunicación audiovisual ou historia da arte, con prioridade na especialidade de patrimonio artístico.

-Posuír coñecementos relacionados co ámbito audiovisual.

-Posuír coñecementos de idiomas.

-Posuír coñecementos de informática.

-Coñecementos en xestión de exposicións.

-Ter o curso de actitude pedagóxica CAP.

-Ter coñecementos en publicacións sobre a arte contemporánea.

1.4. Solicitantes de bolsas de investigación sobre novas formas e ferramentas educativas en relación coa arte contemporánea para colaborar co programa educativo 2009 do CGAC.

-Ser licenciados universitarios en: belas artes, ciencias da educación ou historia da arte contemporánea.

-Ter coñecementos no eido da educación artística.

-Ter formación específica no ámbito da educación nos museos.

-Posuír coñecementos de informática.

-Posuír coñecementos relacionados co ámbito audiovisual.

-Ter o curso de actitude pedagóxica CAP.

-Ter coñecementos en publicacións específicas sobre a arte contemporánea.

1.5. Solicitantes de bolsas de investigación sobre restauración e conservación de obras de arte contemporánea para colaborar no programa 2009 de restauración de obras da colección do CGAC.

-Ser titulado pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Obras de Arte ou licenciado en belas artes coa especialidade de restauración.

-Ter coñecementos en restauracións en arte contemporánea.

-Ter formación específica no ámbito arte contemporánea.

-Posuír coñecementos de informática.

-Posuír coñecementos de idiomas.

1.6. Solicitantes de bolsas de formación para a área de prensa e comunicación pública para colaborar no programa 2009 de comunicación do CGAC

-Ter unha titulación pola facultade de ciencias da comunicación, preferiblemente licenciatura en xornalismo.

-Ter coñecementos no eido cultural, preferiblemente no mundo dos museos.

-Ter formación específica en historia da arte ou museoloxía.

-Posuír coñecementos de informática.

-Posuír coñecementos de inglés.

2. Non ter concedidas anteriormente tres ou máis bolsas completas das convocadas por esta Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

2.1. Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda.

2.2 Non incorrer nalgunha das causas de prohibicións para ser beneficiario a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os solicitantes deberán optar só por unha das áreas que se relacionan no anexo I.

Artigo 3º.-Presentación das solicitudes e documentación.

1. As solicitudes presentaranse conforme o modelo oficial, que figura como anexo I desta orde e na páxina web da Consellería de Cultura e Deporte, no rexistro xeral da Xunta de Galicia ou nas súas delegacións provinciais. O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as solicitudes poderán, así mesmo, presentarse de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2008, a presentación de solicitudes polo interesado implicará a autorización á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte para que poida obter de forma directa a certificación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo que queda o solicitante liberado de achegar as correspondentes certificacións.

4. Documentación que hai que presentar.

-Solicitudes: anexo I, debidamente cuberta.

-Méritos: fotocopia dos méritos alegados, só contarán aqueles méritos dos que se achegue proba documental.

-Fotocopia DNI.

-Declaración responsable de non ter emprego remunerado nin ter outra bolsa ou axuda, calquera que fose esta, situacións que producen incompatibilidade co desfrute da bolsa que nesta orde se convoca.

-Fotocopia compulsada do expediente académico.

5. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural poderá solicitar dos seleccionados a presentación do orixinal ou fotocopia compulsada dos méritos alegados, que deberán ser presentados nun prazo non superior a tres días, contados a partir do momento do seu requirimento público.

6. Serán causas de exclusión a demostración de falsidade documental, a non correspondencia cos orixinais ou incorrección na documentación presentada.

Artigo 4º.-*Procedemento de avaliación e selección.*

1. A instrución da concesión das bolsas correspóndelle á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, que poderá reclamar, se fose necesario, aos solicitantes que emenden os defectos administrativos apreciados na documentación exixida, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, outorgándose un prazo de 10 días hábiles, desde a notificación de requirimento; no caso de non contestar o requirimento entenderase que o interesado renuncia á súa solicitude.

2. A avaliación dos méritos alegados, que corresponde a unha comisión técnica, que terá o carácter de órgano avaliador, composta polo director do Centro Galego de Arte Contemporánea que a presidirá, actuando como vogais: o/a titular do Servizo de Arquivos e Museos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e dous técnicos dos servizos do CGAC. Exercerá as funcións de secretaria a/o titular da Xerencia do CGAC. En caso de ausencia dalgún dos membros, correspóndelle ao director xeral de Creación e Difusión Cultural nomear un suplente.

3. Para a valoración das solicitudes terase en conta o seguinte baremo:

a) Especialización:

-Pola posesión dos estudos académicos relacionados con cada bolsa: 3 puntos.

-Pola especialidade en áreas académicas semellantes consideradas axeitadas para o desenvolvemento da bolsa: 2 puntos.

-Polo realización dalgún máster de arte, museoloxía e crítica contemporáneas: 2 puntos.

b) Por cursos relacionados coa especialidade do campo ao cal opta:

-Por cursos con acreditación expresa de menos de 40 horas: 0,10 puntos. Ata un máximo de 1 punto.

-Por cursos con acreditación expresa de 40 ou máis horas: 0,30 puntos. Ata un máximo de 1,20 puntos.

-Por cursos con acreditación expresa de 100 ou máis horas: 0,70 puntos. Ata un máximo de 1,40 puntos.

-Por cursos con acreditación expresa de 250 ou máis horas: 1 punto. Ata un máximo de 2 puntos.

-Por cursos con acreditación expresa de 500 ou máis horas: 1,50 puntos. Ata un máximo de 3 puntos.

c) Congresos relacionados coa especialidade do campo ao cal opta:

-Asistencia a congresos: 0,10 puntos. Ata un máximo de 0,50 puntos.

-Presentación de comunicacións en congresos: 0,50 puntos. Ata un máximo de 1 punto.

-Presentación de relatorios en congresos : 1 punto. Ata un máximo de 2 puntos.

d) Publicacións relacionadas coa especialidade do campo ao cal opta, impresas antes do remate do prazo de presentación de solicitudes:

-Por cada libro publicado: 1 punto. Ata un máximo de 3 puntos.

-Pola publicación de inventarios ou catálogos: 0,5 puntos. Ata un máximo de 4 puntos.

-Por cada artigo en revistas especializada: 0,5 puntos. Ata un máximo de 4 puntos.

O mesmo mérito só se valorará unha vez: como comunicación, publicación, asistencia a congresos, ou traballo realizado.

e) Doutoramento:

-Pola realización total dos cursos de doutoramento ou tese de licenciatura: 0,5 puntos.

f) Cursos de galego:

-Iniciación: 0,5 puntos.

-Perfeccionamento ou Celga 4: 1 punto.

g) Cursos inglés e/ou francés.

-Titulación oficial: 1 punto.

Elaborarase unha listaxe por cada unha das áreas ou especialidades, tendo en conta que só se valorarán os méritos alegados os relacionados co campo ao cal opte o solicitante.

Artigo 5º.-*Resolución e recursos.*

1. As listaxes provisionais de bolseiros faranse públicas nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura e Deporte, nos das súas delegacións provinciais e no CGAC. O prazo de exposición das listaxes será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, e durante os cales se poderán facer as alegación pertinentes.

2. A resolución da convocatoria correspóndelle á conselleira de Cultura e Deporte por proposta do director xeral de Creación e Difusión Cultural, que terá en conta a proposta da comisión de avaliación dos candidatos. O acordo farase público, para efectos de notificación aos interesadas/os, no taboleiro de anuncios da Consellería de Cultura e Deporte, nos das súas delegacións provinciais e no CGAC.

3. Calquera notificación ou requirimento aos interesados farase segundo o previsto no artigo 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e para os efectos informativos o través da páxina web da Consellería de Cultura e Deportes e da do CGAC.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas practicas na Administración pública galega, a Consellería de Cultura e Deporte publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

5. No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo de catro meses, o sentido do silencio será negativo.

6. A resolución de adxudicación definitiva notificarase aos interesados que fosen propostos como beneficiarios. Notificada a resolución, os beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 6º.-*Pagamento e xustificación.*

1. O pagamento da bolsa axustarase á normativa orzamentaria de aplicación. E terá unha periodicidade mensual segundo as fases do proxecto adxudicado ao beneficiario, e conte cos informes do coordinadores ou titores de cada proxecto.

2. Aos adxudicatarios das bolsas poderáselles requirir a documentación necesaria para proceder ao pagamento da dita bolsa. E antes do último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

3. Os beneficiados terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 7º.-*Revogación e reintegro.*

1. Tal como indica o artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvención ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

2. No caso de que os beneficiarios das bolsas incumprisen algunha das condicións ou obrigas estipuladas nesta orde, a Consellería de Cultura e

Deporte instruirá expediente sancionador conforme o previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e poderá mesmo anular os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houber, nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 8º.-*Réxime de desenvolvemento.*

1. Os bolseiros seleccionados quedarán obrigados a:

a) O cumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Desenvolver durante cinco horas diarias no Centro Galego de Arte Contemporánea o obxecto da bolsa concedida.

c) Seguir as indicacións técnicas dos coordinadores ou titores do proxecto.

d) Entregar mensualmente aos coordinadores ou titores do proxecto un informe da súa actividade e, ao finalizar a bolsa, a memoria explicativa do resultado desta.

2. Os coordinadores ou titores que dirixan aos bolseiros poderán propoñerlle á Dirección do CGAC e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte a extinción da bolsa por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas.

3. A dirección do Centro Galego de Arte Contemporánea expedirá, ao rematar a bolsa, logo do informe favorable dos coordinadores ou titores do proxecto, certificación acreditativa desta.

4. As bolsas non implican relación funcional nin laboral coa Consellería de Cultura e Deporte, nin compromiso que se estenda máis alá do seu ámbito de duración.

5. Para a utilización do material resultante da actividade, os bolseiros deberán contar coa autorización expresa e previa da Consellería de Cultura e Deporte e da dirección do CGAC.

6. Unha vez rematado o período de disfrute da bolsa, as persoas non seleccionadas poderán solicitar a devolución da documentación achegada. Transcorrido o prazo dun ano procederase á eliminación da documentación non recollida.

Artigo 9º.-*Normativa aplicable.*

Para todos os extremos non previstos nestas bases, aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e ademais normativa vixente que resulte de aplicación.

As bolsas concedidas ao amparo desta orde non lle é aplicable o Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o estatuto do persoal investigador.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

ANEXO

PROCEDEMENTO BOLSAS PARA INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN EN MATERIA DE PATRIMONIO DE ARTE CONTEMPORÁNEA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD117A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO	PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
TÍTULO ACADÉMICO		

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Comprometerse a non desenvolver emprego remunerado, a non percibir outra bolsa ou axuda que sexa incompatible coa percepción da bolsa que se convoca nesta orde.

De acordo coa Orde do DOG nº _____, do _____ pola que se convocan bolsas para documentación, difusión e restauración de patrimonio de arte contemporánea

SOLICITA:

Que lle sexa admitida a súa solicitude para a concesión dunha das bolsas convocadas no campo de (sinale só unha opción):

- DOCUMENTACIÓN
- PUBLICACIÓN
- HISTORIA
- EDUCACIÓN
- PRENSA
- RESTAURACIÓN

O solicitante acepta o estipulado na dita orde de referencia e declara que todos os datos e documentos que presenta son certos.

DECLARA que lle presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Deporte para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no DOG, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, coa expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade e incluírá, se é o caso, a sanción que poderá impoñerse como consecuencia das ditas axudas, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmalle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 314/1986, do 16 de outubro e Lei 8/1995, do 30 de outubro. Orde do 25 de novembro de 2008 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria de bolsas para investigación e formación en materia de patrimonio de arte contemporánea galega.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

, de de

Conselleira de Cultura e Deporte